



RESOLUCIÓN DISPOÑENDO A INCLUSIÓN DO POSTO NÚM. 29 NO SORTEO PARA DECIDIR EMPATES NAS SOLICITUDES DE OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL MEDIANTE POSTOS NAS FESTAS DA VIRXE PEREGRINA.

Tramitado o expediente e aprobado o prego de condicións que rexen o expediente para o outorgamento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación de dominio público municipal mediante postos nas festas da Virxe Peregrina do ano 2015, publicáronse os correspondentes anuncios e abreuse un prazo de 7 días naturais, entre os días 22 e 28 de xullo de 2015, para a presentación de solicitudes.

Logo de ver que no expediente referenciado producíronse varios empates, ao formularen idéntica oferta económica algúns dos solicitantes, por Resolución de data 31 de xullo de 2015, acordouse realizar o sorteo previsto no artigo 6 do prego de cláusulas que rexe estas autorizacións.

Producíndose empate tamén no posto núm. 29, debe incluírse un novo posto na relación dos que se procederá a sortear.

Á vista do exposto, **RESOLVO**:

Primeiro.- Incluir o seguinte posto na relación de postos a sortear, por se producir empate nas ofertas económicas presentadas:

Posto núm. 29

Lugar de realización do sorteo: Despacho do Secretario da Administración Municipal. Rúa Michelena, 30, 1º andar, 36071 Pontevedra.

Segundo.- Dispor a publicación desta Resolución no Perfil do Contratante do Concello de Pontevedra.

Pontevedra, 3 de agosto de 2015

A Concelleira de Protección Cidadá, Servizos e Festas

Dou fe, o Secretario da Administración Municipal

María Carme da Silva Méndez

José Carlos Costiñeira Piñeiro